

OBSERVACIÓNS FINAIS DA EXHUMACIÓN

O traballo de recuperación dos corpos de José Galán Núñez e Manuel Ramiro Souto realizouse polo equipo interdisciplinar da Asociación Para A Recuperación da Memoria Historia (ARMH) no cemiterio de Visantoña (Mesía) en agosto do ano 2024.

En relación á ubicación , a documentación aportaba que estaban enterrados “en la parte posterior de la iglesia en este cementerio parroquial de Visantoña, en una fosa abierta al efecto, distante dos metros de la esquina derecha de la parte posterior de la Iglesia, y un metro del muro de cierre del cementerio”. Completado coa documentación oral foi posible a localización precisa da foxa.

A pesar do movemento da terra na zona e debido ás ampliación do cemiterio anos despois, cun nivel superior de restos remexidos e escombros, a foxa común, ó estar a maior profundidades (-1,25 metros) non foi afectada.

Os dous corpos estaban nunha caixa de madeira común o cal confirma o descrito na documentación militar da época.

Os proxectiles confirman una morte violenta. As lesións que tiñan os dous corpos coinciden co recollido na autopsia practicada antes do enterramento das vítimas. Os proxectiles eran do mesmo calibre, 9mm, polo que, confirma que ambos morreron polos disparos dunha arma similar.

Deducción: o corpo número 1 corresponde a José Galán Núñez e o número 2 é o que corresponde a Manuel Ramiro Souto.

A correcta ubicación, a morte violenta, os proyectiles do calibre 9 mm, a presenza dunha única caixa mortuoria para os dous corpos e que as fracturas coincidan coas descritas na autopsia da causa militar, confirman que os restos son dos dous guerrilleiros asasinados o 22 de xunio de 1952.

ACTO DE HOMENAXE E ENTREGA DOS CORPOS DE JOSÉ GALÁN NÚÑEZ E MANUEL RAMIRO SOUTO

Membros da guerrilla antifranquista asasinados en Visantoña (Mesía)

LUNS 25 DE AGOSTO DE 2025

11:30 Salón de Plenos do Concello de Culleredo

Coa participación dos alcaldes de Culleredo e Mesía, Membros da ARMH, veciños e familiares dos represaliados.

Presenta o acto **Clara Bernal**

Música de **Bea a de Estrella**

13:30h enterro no cemiterio de Almeiras (Culleredo)



JOSÉ GALÁN NÚÑEZ “DEREITO”

José Galán Núñez naceu na Regueira (Alvedro), fillo de Dolores Núñez e José Galán. Tivo tres irmáns: Nieves, Lolita e Antonio, e unha moza, Maruja.

A principios dos anos coarenta, desertou do servizo militar en Lugo e víuse obrigado a fuxir ao monte. Alí integrouse nos destacamentos “Arturo Cortizas”, “Enrique Lister” e “Manuel Ponte”, participando en diversas accións en 1948 e 1949. Durante ese tempo, a súa nai, Dolores, visitábao en segredo.

Os compañeiros foron caendo. Tras esixir diñeiro a un veciño de Toroño (Culleredo) foron denunciados e a Garda Civil abatíu ao veciño Manuel Pose Naya no momento que ía recoller os cartos.

O 18 de xullo de 1951, José Galán debeu fuxir xunto con María Amado Otero e Juan Couto Sanjurjo “Simeón” despois dun violento enfrontamento en San Pedro de Nós, onde caeu tamén Antonio Cortiñas Blas “M Vega”.

Mentres tanto, a familia era represaliada: A Garda Civil vixiaba a casa familiar día e noite, levantándoos do sono para rexistrar todo. Despois Dolores, a mai, e unha das irmás foron desterradas a Corrales del Vino (Zamora), e a Maruja levarona a Zaragoza.

En novembro de 1951, José Galán integrouse no “Destacamento Manuel Ponte”. Agochado nunha cova en Costa-A Regueira (Oza dos Ríos), participou nun enfrontamento coa Garda Civil, que rematou coa morte de Manuel Vilar Arnoso “Manolito” e a detención de Foucellas o 9 de marzo de 1952.

En marzo de 1952, xunto con Manuel Ramiro Souto “Souto” e Juan Couto Sanjurjo trasladouse á zona de Betanzos. O 11 de abril foron amparados por Lino Lata, pero deberon fuxir.

O 22 de xuño de 1952, foron sorprendidos pola Garda Civil en Visantoña, José Galán e Manuel Ramiro foron abatidos. Juan Couto conseguiu salvar a vida, foi capturado e procesado.



MANUEL RAMIRO SOUTO “SOUTO”

Manuel Ramiro Souto naceu en Almeiras (Culleredo) en 1925, fillo de Dolores Ramiro Souto, quen coidaba os fillos da familia Marchesi en diversos lugares do extranxeiro. Manuel quedou baixo o coidado da súa avoa Andrea, e dos tíos Josefa e Ramón.

A finais dos anos coarenta, botouse ao monte xunto aos seus tíos Ramón Romay “Ramóné” e Josefa Ramiro Santos, enlaces da guerrilla, por medo a ser delatados.

En 1948, trala caída de José Gómez Gayoso (secretario de organización do PC) e Antonio Seoane (xefe do Exército Guerrilleiro de Galicia), participou en varias accións de represalia xunto co seu tío e máis Vicente Peña Terrasa “Pedro Borrás”, Jesús Valeiro Gómez “Calias”, Manuel Pena Camino “Flores”, José Antonio Cortiñas Blas “M. Vega” e José M. Castelo Mosquera “Doctor”.

O 5 de marzo de 1949, Manuel Ramiro Souto e varios compañeiros: José María Castelo Mosquera, Vicente Peña Tarrasa, Manuel Pena Camino e Carmen Temprano Salorio, foron acurralados pola Garda Civil nunha vivenda de Zas. No enfrontamento faleceu Carmen Temprano, o resto xunto con Manuela Teiga, moza da casa que foran acollidos, intentaron fuxir pero foron asasinados en Paramos (Val do Dubra). Máis de trinta veciños de Paramos foron procesados posteriormente.

Manuel Ramiro Souto consegue fuxir con vida. Incorporouse ao destacamento “Manuel Ponte” xunto a Juan Couto Sanjurjo “Simeón” e José Galán Núñez “Dereito”. Nese período, a súa tía Josefa fora asasinada e o seu tío exiliárase.

O 22 de xuño de 1952, encontrábase agochado nunha vivenda de Visantoña (Mesía) cos seus compañeiros, Galán e Couto cando a Garda Civil os descubriu. No tiroteo final, Manuel Ramiro Souto e José Galán Núñez foron asasinados, mentres Juan Couto rendíuse e foi procesado.